



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

XUNTA DE GOBERNO LOCAL 11-3-2022

2. BASES CONVOCATORIA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL EDUCADORA FAMILIAR (SUBSTITUCIÓN MARÍA PILAR CABEZAL VILLAMAR).

Por resolución da Alcaldía concedeuse unha excedencia voluntaria, con reserva de posto de traballo, á traballadora María Pilar Cabezal Villamar (educadora familiar); é preciso unha substitución temporal para atender ao citado posto de traballo, que ven sendo financiado en grande parte pola Deputación Provincial da Coruña.

Dado que se precisa unha rápida incorporación, realizarase con urxencia a petición de currículos ao Servizo Público de Emprego de Galicia, como a vía máis eficaz para a contratación. En relación ao proceso selectivo do ano 2018, non se conformou unha bolsa de substitucións, polo que as suplencias declaradas para incidencias da contratación non están vixentes, máis de 3 anos despois.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 4 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1º. Apróbanse as bases de contratación laboral temporal e urxente de 1 educador/a familiar polo sistema de concurso de méritos, tal e como se transcriben no Anexo, respectando os principios constitucionais de concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

2º. Proceder á publicación do anuncio de convocatoria urxente no taboleiro da consistorial. Delegar no secretario do concello, Alejandro Alonso Figueroa, a realización e impulso de calquera trámite administrativo para a formalización das ofertas de traballo, por razón de urxencia.

ANEXO

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 EDUCADOR/A FAMILIAR PARA OS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS

1. OBXECTO: O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal de 1 educador/a familiar, en substitución da traballadora María Pilar Cabezal Villamar, dentro da subvención da Deputación Provincial da Coruña para os servizos sociais municipais. A selección farase por concurso de méritos entre os desempregados comunicados polo Servizo Público de Emprego de Galicia, con respecto dos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación. A participación neste proceso selectivo será gratuíta, en atención á indeterminación da duración do contrato.

2. CONDICIÓN DOS CONTRATOS. A duración do contrato laboral será temporal, ata a reincorporación efectiva da traballadora substituída, estando previsto comezar a prestación laboral previsiblemente o 28-3-2022.

A xornada de traballo será completa (37,5 horas semanais).

As retribucións totais (incluíndo prorrateo de pagas extras e outros conceptos), feitos os cálculos oportunos, serán de 1.400 € ao mes, incluíndo prorrateo de pagas extras e calquera outro complemento salarial aplicable.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

3. **CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.** Para poder participar no presente concurso de méritos, os aspirantes deben reunir os seguintes requisitos:

- Ser español/a ou cidadán comunitario.
- Estar en posesión, ou en condicións de obtelo, do título de Grao en Educación Social, ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite a súa homologación.
- Non estar incurso en causas de incompatibilidade e incapacidade establecidas na lexislación vixente.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño dos traballos establecidos.

4. **CANDIDATOS.** Remitirase unha oferta para a categoría de educadora social ao Servizo Público de Emprego de Galicia. Tras a recepción do listado comunicado de persoas demandantes de emprego procederase ao aviso as mesmas para que poidan presentar a correspondente instancia, dentro dun prazo de 5 días hábiles; non obstante, calquera persoa que cumpra os requisitos poderá presentar instancia, aínda que non sexa incluído na relación do Servizo Público de Emprego de Galicia, no prazo de 5 días naturais dende a publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios; tendo en conta a documentación presentada o tribunal cualificador realizará a valoración de méritos dos aspirantes.

5. **MÉRITOS.** Tendo en conta a listaxe de persoas desempregadas e os currículos rexistrados no Servizo Galego Público de Emprego de Galicia e que sexan remitidos ao concello, así como as instancias adicionais presentadas, farase unha valoración dos mesmos, nos que se terán en conta as seguintes valoracións:

a) Experiencia profesional como educador/a social nunha administración pública ou nunha empresa privada ou entidade social (terceiro sector) debidamente rexistrada no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais cómputo a xornada completa):

- Servizos sociais comunitarios básicos da administración pública local: 0,20 puntos por mes completo de traballo.
- Servizos sociais comunitarios específicos da administración pública local: 0,15 puntos por mes completo de traballo.
- Servizos sociais comunitarios de empresas privadas ou entidades social (terceiro sector): 0,10 puntos por mes completo de traballo.
- Servizos sociais especializados: 0,05 puntos por mes completo de traballo.

A puntuación máxima deste apartado será de 7 puntos. A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación con algunha da seguinte documentación:

- Experiencia na administración pública: Certificado de servizos prestados emitidos pola Administración correspondente.
- Experiencia na empresa privada: Informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, xunto con documentación acreditativa que especifique o posto de traballo ou funcións desenvolvidas (nómina, contrato, certificado empresa, etc).

b) Cursos de formación ou perfeccionamento relacionados co posto de educador/a social posteriores ao 1-1-2010, así como en programas, aplicacións e ferramentas dixitais posteriores ao 1-1-2015, impartidos pola Administración, e/ou por centros oficiais ou homologados de formación:

- Cursos de duración de 20 a 49 horas: 0,10 puntos por curso.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

- Cursos de duración de 50 a 99 horas : 0,20 puntos por curso.
- Cursos de duración de 100 a 250 horas : 0,30 puntos por curso.
- Cursos de máis de 250 horas: 0,50 puntos por curso.
- Máster universitario: 1 punto

A puntuación máxima deste apartado será de 4 puntos. En ningún caso serán valorados por este apartado aqueles cursos cuxa finalidade sexa a obtención dun título académico, con excepción do indicado máster. Acreditarase mediante diploma ou certificado dos cursos realizados no que conste o número de horas de duración. Coa excepción do máster universitario, os cursos nos que non se indique de forma expresa o número de horas de duración, non se valorarán. No caso dos centros homologados, debe constar esta homologación de forma expresa na documentación presentada.

c) Cursos de lingua galega:

- CELGA 2 ou equivalente: 0,25 puntos.
- CELGA 4 ou equivalente: 0,50 puntos.
- Linguaxe administrativa (Nivel medio): 0,75 puntos.
- Linguaxe administrativa (Nivel superior): 1,00 punto.

A puntuación máxima deste apartado será de 1 punto.

Acreditarase mediante diploma ou certificado acreditativo do curso realizado. En caso de posuír varios títulos, só se valorará o curso de maior nivel.

5.2. No caso de producirse empate na puntuación final, a orde establecerase mediante a aplicación sucesiva dos seguintes criterios: maior puntuación no apartado (a) do concurso; maior puntuación no apartado (b) do concurso; maior puntuación no apartado (c) do concurso. Se persistira o empate a orde establecerase por sorteo público realizado polo tribunal selectivo.

5.3. A valoración dos méritos acreditados e a proposta de selección publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.irixoa.es).

O tribunal, que terá amplas potestades para interpretar as presente bases, realizará unha proposta que inclúa á persoa proposta como titular e 1 suplente.

6. TRIBUNAL CALIFICADOR. O Tribunal Cualificador para facer a valoración será o seguinte:

Presidenta: Úrsula de la Barrera Fernández

Vogal: María José Gutiérrez Álvarez

Secretario (con voz e voto): Alejandro Alonso Figueroa.

Todos os membros son funcionarios ou persoal laboral que teñen categoría profesional igual ou superior á requirida aos aspirantes.

Noméanse suplentes destes membros: Ramiro Cal López (presidente); María Elisa Alonso Figueroa (vogal); José Fernando Espada Orgeira (secretario).

7. NOMEAMENTO. A persoa preseleccionada disporá de dous días naturais, dende a proposta de nomeamento, para completar a documentación que acredite o cumprimento das condicións da base terceira. No mesmo prazo poderán realizarse alegacións dos interesados por escrito. Unha vez aportada tal documentación realizarase a selección definitiva ou nomeamento oficial dos contratados laborais.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

8. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO. O contrato formalizarase no prazo máximo de dous días naturais, dende a data de publicación do decreto de selección ou nomeamento. O contrato queda sometido a un período de proba de 1 mes.

9. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS. De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos recollidos neste documento formarán parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Irixoa, cuxa finalidade é a súa xestión para o correcto funcionamento da contratación laboral deste. Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación ou oposición, segundo o disposto na Lei, mediante contacto co noso delegado de protección de datos no seguinte enderezo: Pazo de Irixoa nº 6-A, 15313 IRIXOA, A Coruña.

10. NORMATIVA DE APLICACIÓN. O proceso selectivo rexerese polas presentes bases e polo disposto na seguinte normativa:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, de Texto refundido de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, de selección de funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, do e 23 de outubro, do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

11. IMPUGNACIÓN: A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Contra este acto, que pon fin a vía administrativa, poderase interpor:

- potestativamente o recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP.
- o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte de devandita publicación.
- sen prexuízo de interpor os recursos que se estimen máis axeitados polos interesados.

Irixoa, 14 de marzo de 2022
O secretario

Alejandro Alonso Figueroa